



Recodatorio de deberes legais dirixido ao Concello da Pobra do Caramiñal para que na tramitación dos expedientes actúe dacordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución estando obrigado a ditar resolución expresa nos prazos legalmente previstos.

Expediente: B.9.Q/23241/14

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por don ██████████ referido á realización de obras irregulares nun galpón do Concello da Pobra do Caramiñal.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 26 de novembro de 2014, don ██████████ presenta escrito de queixa ante o Valedor do Pobo, no que fai constar que:

“O pasado 23 de agosto de 2012, deixo rexistrada no concello de A Pobra do Caramiñal, unha queixa porque un veciño inicia a obra dun galpón nunha finca que non cumpre os requisitos para tal actuación.

Foron pasando os meses, e ante a ausencia de resposta por parte do concello, cheguei a entregarlles ata 3 comunicados. Adxúntolles copia.

Fun en multitude de ocasións para tratar de que me dixesen algo. Falei co arquitecto municipal (o cal me afirma verbalmente que a construción está dentro da legalidade), non así o recoñece un técnico que se desprazou comigo a ver o galpón e dame a razón. O secretario xeral dime sempre que non tivo tempo (e xa pasaron máis de 2 anos) a mirar o meu caso e o alcalde non me quixo recibir (según a súa secretaria, citaríame unha vez que tivesen un informe).

Dada esta situación, prégolles que me axuden a que o concello de A Pobra atenda as miñas solicitudes e leven a cabo una reposición da legalidade.”

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, sendo concluído e reaberto en varias ocasión e procedendo, en data 13 de decembro de 2018, ao arquivo do mesmo como consecuencia da remisión por parte do Concello da Pobra do Caramiñal dos acordos de caducidade do expediente de reposición da legalidade e de incoación dun novo.

TERCEIRO.- Con data 15 de xullo de 2019, don ████████ presenta novo escrito no que fai constar:

“ Quería comunicarlles, que hai uns días recibín por parte do concello da Pobra do Caramiñal unha nova notificación en relación ó tema recollido no rs19-Exp: Q/23241/14. Tratábase da reposición da legalidade urbanística (Expediente: 2399/2016), dun galpón que non cumpría varios puntos.

Parece que a pasividade deste concello, beneficiou ó propietario desta construción”

CUARTO.- Así debemos ter en conta que:

1º.- Como xa quedou exposto, o 23 de agosto de 2012, don ████████ presenta escrito de queixa.

2º.- Con data 21 de decembro de 2016 o Concello da Pobra do Caramiñal notifica a don ████████ resolución na que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística respecto das actuacións ilegais realizadas .

3º.- Con data 30 de outubro de 2018, o Concello da Pobra do Caramiñal, notifica a don ████████

1º.- Resolución na que se declara a caducidade do expediente de reposición da legalidade urbanística incoado mediante resolución da Alcaldía nº 2016-0775, de data 19 de decembro de 2016, por transcorrer o prazo máximo dun ano para a resolución sen que houbera recaído esta, ordenando o arquivo das actuacións realizadas.

2º.- Resolución pola que se acorda incoar novamente expediente para a adopción das medidas de reposición da legalidade urbanística respecto das actuacións ilegais realizadas.

Neste senso, en data 30 de outubro de 2018, esta institución comunicou ao alcalde da Pobra do Caramiñal que o novo expediente de reposición da legalidade urbanística, tendo en conta que a primeira denuncia presentada polo Sr. ████████ era de data 23 de agosto de 2012, se tramitara coa maior celeridade, sen esgotar o prazo establecido na Lei do Solo de Galicia.

4º.- Con data 1 de xullo de 2019 o Concello da Pobra do Caramiñal notifica a don ████████ **resolución** pola que, estimando as alegacións presentadas polo denunciado, e vistos os informes técnicos incorporados ao expediente, queda acreditado que a construción obxecto da queixa, ten unha antigüidade superior a seis anos, non procedendo a repoñer a legalidade urbanística das obras incorrectamente executadas.

5º.- Con data 9 de setembro de 2019, recíbese nesta institución a resolución da Alcaldía do Concello da Pobra do Caramiñal referida no punto anterior.

Dacordo co exposto, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas :

- A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, exceptuándose os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio , así coma os procedementos relativos ao exercizo de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.

- O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento, si ben este prazo non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.

- Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo , iste será de tres meses.

-O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así coma os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver sos directamente responsables, no ámbito das súas competencias, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa ex prazo.

O incumprimento de dita obriga dará lugar á esixencia de responsabilidade disciplinaria , sen perxuízo da que houbera lugar dacordo coa normativa aplicable.

SEGUNDA.- Pola súa banda o artigo 29 da xa citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece que os termos e prazos establecidos nesa e noutras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos .

TERCEIRA.- Destacar tamén que tanto o artigo 103 da Constitución Española como o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

CUARTA.- Recordámoslle que aínda tendo en conta as dificultades técnicas e prácticas ás que poida enfrontarse unha administración local para facer fronte ao exercicio das súas competencias, iso non pode ser óbice para a inobservancia das normas básicas que o rexen, nin pode explicar que un expediente non se tramite nos prazos legalmente establecidos

Por todo o exposto ata agora considérase necesario , en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello da Pobra do Caramiñal o seguinte :

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámosle que na tramitación dos expedientes deberá actuar dacordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución estando obrigado a ditar resolución expresa nos prazos legalmente previstos.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo